

Literatura e teatro

Por Anxo Tarrío Varela

Hoxe á noite, o mundo da farándula vai poñerse traxe de festa no Teatro Principal de Santiago de Compostela para celebrar o Día Mundial do Teatro. Entre outras actividades de interese, desvelaranse os nomes dos profesionais galardoados nas distintas modalidades que os Premios Compostela de Teatro contemplan: montaxe, dirección, iluminación, son, vestuario, intérpretes, grupos, tradución, texto orixinal, etc. Precisamente, ao fío deste abano de recoñecementos diferenciados dentro do feito teatral, cómpre facer algunhas reflexións xerais e tamén acerca do feito de que tradicionalmente se veña adscribindo o teatro ao ámbito da literatura.

Sen dúbida, nisto último, séguese unha inercia que ten orixes na tripartición xenérica dos textos literarios en líricos, épicos e dramáticos e sen dúbida tamén isto tivo unha certa pertinencia mentres o texto teatral foi concibido para a súa lectura (en silencio ou en voz alta) ou para exercer un protagonismo absoluto na escena, é dicir, cando a escena era un simple espacio pretextual e pasivo a encher coa palabra, elemento este sobre o que recaería toda a responsabilidade fronte do espectador. Pero hoxe en día as cousas son abondo diferentes, e falar de literatura e de teatralidade é como falar de dúas cousas que se repelen mutuamente dun xeito case radical.

Por iso vai sendo hora de que aprendamos a ver teatro sen os condicionamentos e determinacións absolutas que impoñía o texto até hai ben pouco tempo. Non deixa de ser curioso apreciar cómo o espectador de cine, sen máis tradición que a que foi tecendo a nova arte durante o que vai de século, un espectador que fuxía espantado da sala, nas primeiras representacións e experiencias, cando vía partidos pola metade os corpos dos actores ou dirixirse un tren cara a el, temendo ser atropelado, ou arrepiarse do incendio de ficción que saía da pantalla, foi asimilando a linguaxe fílmica ata podermos dicir que hoxe en día, por analfabeto que el sexa ten interiorizado o sistema de comunicación visual e interpreta os signos que se emiten dende a pantalla sen grande esforzo.

Fronte deste caso de éxito rotundo, no que respecta ás convencións que o medio establece co receptor, o teatro, pola contra, aínda non logrou, coido eu, ensinar a ler ao espectador.

Roland Barthes falou da escena como dun espesor sógnico, como o lugar onde conflúen e se manifestan múltiples sistemas de significación, todos eles ao servizo do conxunto total do que se quere dicir. Nese espesor sógnico, que pode incluír estímulos para os cinco sentidos, á parte de emisións múltiples dirixidas ás varias competencias do espectador, a palabra literaria segue a ocupar hoxe (ou volve a ocupar, sería mellor dicir, despois do intento de facer desaparecer a figura do autor, cousa que se deu nos anos sesenta e setenta) un lugar importante, pero non máis que todo o

abano de signos que a escena actual nos ofrece. Por iso está moi ben que os Premios Compostela galardoen aos distintos responsábeis das diferentes artes que conflúen na escena nun todo integrador. Pero vai xa sendo urxente afondar na teoría teatral, así como tratar de ensinar ao público galego a ler todo o que se produce na escena para evitar que quede só co que se di oralmente e que siga a pensar que o teatro é unicamente literatura.

El correo Gallego, 27-marzo-1994